

DANIEL BARREDO

A viaxe a Budapest

Traducido por Alejandro Tobar



Vólvense os paxaros contra as escopetas

A cona de Rosario era tan vulgar coma esa lata de anchoas en aceite de xirasol que serven nos bares de estrada. Tiña tantos pelos coma a coxa dun xigante, e cheiraba mal, a ostras podrecidas, a país sen auga. Coñecémonos na entrega duns premios literarios. Subín ao escenario para recoller os catrocentos euros que gañara grazas a sesenta versos que encomiaban a aixada e os campanís de Castela a Vella. Non lembro que lle contei a aquel auditorio que bufaba para espantar as moscas que se lles pousaban nos morros. Supoño que desengraxei algúns tópicos, que falei de Machado, que comparei os meus versos cos dun autor vietnamita que relacionara o voo da alma co retorno das cegoñas. Non o lembro porque xa para daquela os meus ollos rebotaban no escote de Rosario coma unha pelota nunha cancha de baloncesto. As súas tetas eran tan grandes que podían aleitar a África enteira. Ergueuse e, en calidade de presidenta do xurado, entregoume o cheque; malia os seus quilos de máis e o seu papo, fora quen de inspirar unha erección que picaría todos os globos de todos os aniversarios. Aquela merdeira levaba posto un vestido curto e vermello, un farrapo que puña en perigo a estabilidade emocional dunha manda de touros de lida; as cen pirolas alí reunidas elevábanse coma cen pitóns a piques de iniciar a ofensiva. Ela era a protagonista e non os meus poemas elaborados a partir dun misticismo rancio,

dunha manteiga pasada de data. Ela, a Louzá de Castela, de coxas morenas e suaves coma un par de fogazas.

Ao que baixei do escenario os outros dous xuíces literarios achegáronse, coma sempre, para sorrir coas súas bafentas bocas de beizos ensaiados no espello retrovisor do taxi. Un deles –tamén coma case sempre–, era o bibliotecario da vila, un tipo gordo que enxugaba a suor nun pano coas súas iniciais bordadas. Seguramente nacera para ministro de Cultura –porque era amable e culto–, pero en Castela a Vella un gordo amable e culto e con esperanzas acababa por lle pedir a unha nai anciá que lle cosese unhas letras nos calzóns. E aínda que non llo pedise, tanto tiña. Sempre, en Castela a Vella, haberá momias enloitadas que coserán arreo nos panos, nas camisas e mesmo nos peúgos dos seus fillos. Sempre estarán aí, coas súas agullas afiadas, as súas olladas arreesadas, os seus paus preparados para descarrilar o progreso.

O outro xuíz falaba até con faltas de ortografía. Sorría coma noutros tempos sorrían os barrufeiros, os barrufeiros das viñetas, con toda unha fileira de dentes irregulares coma unha cabeza de allos. Importábanlle tanto os meus versos coma a min a súa corcova e as matogueiras de pelo que asomaban polas súas orellas, pero había que facer un pouco teatro diante do fotógrafo do diario local, porque entre outras cousas o paiolo en cuestión era o señor alcalde.

De mes en mes non me quedaba máis remedio que exercer de poeta premiado para pagar o alugueiro do meu cuarto. Sempre os mesmos. Os mesmos afeccionados que che cotifaban as costas, as mesmas amas de casa que che recomendaban un libro caralludísimo cuxo título esqueceran, a aristocracia da aldea coas galas mercadas nas rebaixas dos centros comerciais da capital. Coñecíaos de cor, un por un, mesmo os coleccionaba e os amoreaba cun cansazo de cromos repetidos.